



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
XESÚS FERRO COUSELO



Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Texto aprobado durante o curso 2023-2024 (CCP 22-1-2024, Claustro 25-1-2024, CE 29-1-2024.)
Envío a inspección educativa dentro da PXA CAP I curso 24-25
Data de entrada en vigor 1-09-2024.

IES XESÚS FERRO COUSELO



INDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. ANÁLISE DO CONTORNO	2
3. NOTAS DE IDENTIDADE DO CENTRO	2
3.1. O NOSO CENTRO	
3.2. ALUMNADO	
3.3. ACONFESIONALIDADE	
3.4. LINGUA DE APRENDIZAXE	
3.5. LIÑA METODOLÓXICA	
4. OBXECTIVOS	5
4.1. OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS	
4.2. OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS	
5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	6
5.1. ÓRGANOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN	
5.2. ÓRGANOS DIDÁCTICOS	
5.3. ÓRGANOS DE ORIENTACIÓN	
6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	9
7. PLAN DE CONVIVENCIA.....	47



1. INTRODUCCIÓN

O presente proxecto educativo ten como finalidade enumerar e definir o conxunto de características que dan identidade ao noso instituto.

É un instrumento que debe procurar a adecuada relación entre as actuacións do profesorado e persoal non docente, os pais e nais, e o alumnado.

O seu obxectivo non é outro que o de dotar de coherencia e personalidade propia o centro e a súa comunidade educativa.

2. ANÁLISE DO CONTORNO

A maior parte do alumnado do Centro vive no Concello de Barbadás, polo que utilizan o transporte escolar e o servizo de comedor dos luns, que é o día que teñen clase pola tarde.

Un 90% do alumnado que fai uso do servizo de comedor é usuario gratuito. Tamén son a maioría os que dependen das axudas da Consellería para a compra dos libros de texto, polo que podemos afirmar que o nivel de renda media das familias do noso instituto é baixo.

3. NOTAS DE IDENTIDADE DO CENTRO

1. O NOSO CENTRO

O Instituto de Educación Secundaria Xesús Ferro Couselo está situado nunha zona periférica da cidade de Ourense, barrio de Mariñamansa. É un centro público, dependente da Consellería de Educación e inaugurado no ano 1989.

O centro na actualidade conta cos seguintes espazos:

- a) 17 aulas grupo + 6 aulas desdobres
- b) Dous laboratorios.
- c) Un polideportivo pechado.
- d) Unha aula de informática.
- e) Unha aula de tecnoloxía.
- f) Unha aula de plástica e outra de música.



- g) Un aula de pedagogía terapéutica e outra de convivencia.
- h) 8 departamentos.
- i) Dous campos de deporte, o de fútbol cuberto.
- j) Dependencias propias para a xestión e a administración.
- k) Unha biblioteca.
- l) Unha sala de profesores.
- m) Unha sala de recepción de pais e nais.
- n) Unha cafetería (comedor)

Unha vez feita a nova planta engadiremos un salón de actos, cinco aulas, un dobre, dous almacéns e dous novos departamentos.

2. ALUMNADO

O 90% do alumnado do Centro vive no Concello de Barbadás, polo que utilizan o transporte escolar e o servizo de comedor dos luns, que é o día que teñen clase pola tarde.

3. ACONFESIONALIDADE

Estamos nun centro de titularidade pública, polo tanto, ao ser o Estado aconfesional, non nos adscribimos a ningunha confesionalidade relixiosa concreta, sendo respectuosos con todas as crenzas e ideoloxías.

O sistema político e xurídico no que nos movemos baséase no pluralismo e na liberdade ideolóxica, e polo mesmo o noso centro declárase ideoloxicamente neutral. Entendemos neutralidade como renuncia a calquera tipo de proselitismo ou sectarismo cara a todas as confesións dos compoñentes da nosa comunidade escolar, sen prexuízo de que poidan manifestar libremente as súas opinións persoais. O centro ha de ser pluralista, especialmente nas vertentes política e relixiosa. Isto supón respecto cara a todas as ideoloxías e crenzas, sen prexuízos das minorías.

O alumnado do centro ten dereito a recibir informacións obxectivas e correctas para que progresivamente vaia formando os seus propios criterios, e analizando a realidade, poida tomar decisións responsables, que lle permitan estar abertos ás situacións de cambio que se produzan na sociedade e se fagan cidadáns libres, xustos e solidarios.

O centro asume e propugna os valores democráticos, especialmente, o pluralismo, a integración e a inclusión, a coeducación, a sostibilidade e o diálogo. Facendo fincapé na importancia dos métodos e estratexias utilizadas na resolución dos conflitos, a inclusión, a prevención do acoso escolar e a coeducación.

Igualmente garántese a liberdade de cátedra para o profesorado, sempre que non vaia en contra das notas de identidade do centro.



Para un mellor funcionamento do centro, os pais e nais do noso alumnado debe colaborar neste proceso de formación, fundamentalmente a través da súa vida familiar e do diálogo cos seus fillos e fillas e co profesorado.

4. LINGUA DE APRENDIZAXE

De acordo co artigo 3 da Constitución Española, e de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía para Galicia, no noso centro o galego e o castelán deben convivir con igual respecto para os seus usuarios, recoñecendo idénticos dereitos para ambos.

As actuacións administrativas do Centro demandadas polo público redactaranse en galego a non ser que os propios usuarios soliciten expresamente que se fagan en castelán.

Así mesmo as actuacións administrativas de réxime interno do Centro (actas, comunicados, horarios, rótulos, etc.) serán redactadas en galego.

En todos os casos farase un uso non sexista da linguaxe, independentemente que a lingua usada sexa o galego ou o castelán.

Por outro lado, fomentárase a implantación dunha linguaxe inclusiva, oral e escrita, a todos os niveis e a cotiá; potenciarase a aprendizaxe de linguas estranxeiras e promoveranse as seccións bilingües.

5. LIÑA METODOLÓXICA

Dentro da necesaria consideración recíproca, do equilibrio entre métodos diversos e do respecto aos dereitos individuais de cada un, consideramos que na nosa comunidade educativa debe existir consenso nas seguintes liñas metodolóxicas, coherentes co Proxecto Educativo que pretendemos:

- ❖ Metodoloxía activa, que fomente no alumnado unha actitude curiosa, crítica, investigadora e que, mediante a comunicación e o traballo, se converta na base da súa formación e da adquisición da aprendizaxe. Dita metodoloxía incluírá diversos medios TIC usados de xeito crítico e responsable.
- ❖ Metodoloxía participativa e non autoritaria, que implique ao alumnado no propio proceso de aprendizaxe, e que fomente o desenvolvemento da súa



capacidade de discusión e a súa vontade e transformación da realidade social. Neste punto terase en conta igualdade de xénero e a diversidade do alumnado para evitar calquera tipo de exclusión.

- ❖ Metodoloxía inductiva, que favoreza a actividade fronte á simple recepción de coñecementos e que fomente a investigación.

O noso centro dotarase dunha estratexia dixital dentro do PDC.

No noso centro potenciarase unha relación profesorado/alumnado que vaia máis alá do simple instrutivo e docente porque pretendemos un centro que sexa, ao mesmo tempo, educativo e humanizador. Neste senso evítanse os agrupamentos antisociais ou de elite do alumnado. Así mesmo potenciarase unha Acción Titorial que será entendida como responsabilidade compartida por todo o equipo de profesores/as. Igualmente, arbitrase un sistema de apoios puntuais para aqueles alumnos/as con menos capacidades e para aqueles que non teñan un rendemento académico satisfactorio. O labor educativo no Centro basearase no respecto mutuo, o diálogo, a reflexión, a colaboración e a solidariedade, sempre dentro dunha orde e disciplina necesarias para o traballo escolar. A orde e disciplina serán entendidas nun sentido non coercitivo nin rutinario, porque pretendemos educar en liberdade e responsabilidade.

A Dirección do centro fomentará o encontro entre os pais e o profesorado en entrevistas e reunións periódicas para conseguir unha coherencia de actuación conxunta e para limar desaxustes entre o método pedagóxico do centro e o comportamento dos pais na relación cos seus fillos/as. Igualmente, a Dirección apoiará e fomentará as iniciativas do profesorado encamiñadas á mellora da actividade docente e posibilitará a realización de investigacións educativas dentro do mesmo centro. Pola súa banda o profesorado estará aberto a todo tipo de renovación pedagóxica que redunde en beneficio dos nosos alumnos e alumnas.

4.- OBXECTIVOS DO PROXECTO

4.1.- OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS

Moitos deles xa quedaron definidos nas páxinas anteriores. A continuación limitáronos a enumeralos de xeito breve e esquemático. Son os seguintes:



- ❖ Potenciar un ensino activo no que se desenvolva a iniciativa e a creatividade, no que o alumnado se sinta axente da súa propia educación, baseado todo isto no respecto e na responsabilidade individual e colectiva.
- ❖ Promover a biblioteca como centro de referencia de recursos, punto de encontro da comunidade escolar, espazo para traballar colaborativamente,...
- ❖ Fomentar o traballo en equipo que favoreza o intercambio de información, a posta en común de distintos puntos de vista e a autocrítica, así como o desenvolvemento dos valores da cooperación e a solidariedade.
- ❖ Proporcionar os medios necesarios para desenvolver a capacidade de observación, crítica, análise, comparación e para aprender: buscar a adquisición de hábitos e destrezas intelectuais no alumnado fomentando especialmente aquelas actuacións destinadas a potenciar a lectura, a escritura e o uso, tratamento e produción de información.
- ❖ Fomentar a creatividade artístico-literaria en todos os ámbitos, promovendo excursións, visitas a museos, revistas no Centro, representacións teatrais, concursos literarios e artísticos, etc.
- ❖ Impulsar unha educación para a igualdade sexual, social e cultural, educando na diversidade e fomentando en todo momento o respecto mutuo como valor primordial e incorporalo nas programacións didácticas. En definitiva, coeducar.
- ❖ Integrar a educación ambiental e aos hábitos de vida saudables (deporte e alimentación) como parte da vida diaria é promover procesos de aprendizaxe colaborativos que permitan á comunidade educativa comprender os retos, asumir responsabilidades, tomar decisións e executar as accións necesarias para construír sociedades máis sostibles.

4.2.- OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS

A) Relación do Centro coa Comunidade Educativa

- ❖ Fomentar a libre expresión de todos os membros da Comunidade Educativa.



- ❖ Contribuír a que existan relacións fluídas entre os órganos de goberno e os profesores do Centro.
- ❖ Impulsar a xestión democrática e plural do Centro a través do Consello Escolar. Este ha de ser o órgano fundamental de debate, co fin de unificar criterios entre os distintos sectores educativos; con isto preténdese unha coherencia no funcionamento do Centro.
- ❖ Facilitar a relación entre o Centro e a ANPA.
- ❖ Solicitar á Inspección o seu asesoramento e colaboración nas dificultades nas que se puidese atopar o profesorado no desenvolvemento das súas actividades educativas.
- ❖ Implicar á Inspección no control da calidade do ensino no Centro.

B) Relación con outras entidades (Concello, Deputación, Organizacións...)

- ❖ Demandar destas entidades axudas económicas para o financiamento de proxectos e actividades educativas.
- ❖ Fomentar a asistencia e participación do alumnado nas actividades promovidas por estas entidades: exposicións, concertos, conferencias...
- ❖ Promover a colaboración con entidades de carácter social para desenvolver actividades de voluntariado que sensibilicen ao noso alumnado coa diversidade e fomenten a empatía.

5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1.- ÓRGANOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN

Os órganos ou elementos de xestión e administración son os seguintes:

5.1.1.Colexiados: Consello Escolar e Claustro do Profesorado

5.1.2.Unipersoais: Director/a, Xefe/a de Estudos, Secretario/a e Vicedirector/a.



5.2.- ÓRGANOS DIDÁCTICOS

Son órganos de didáctica aqueles profesores ou estruturas colexiadas dos mesmos que teñen como obxectivo o traballo en equipo ao redor dos aspectos didácticos. Son órganos de didáctica os seguintes:

5.2.1. Colexiados: Departamentos Didácticos, Xuntas de Avaliación e Comisión de Coordinación Pedagóxica.

5.2.2. Unipersoais: Xefaturas de Departamento.

5.3.- ÓRGANOS DE ORIENTACIÓN

Por Orientación enténdese o proceso de axuda que se ofrece ao alumnado no ámbito persoal, escolar e vocacional de cara a potenciar a súa capacidade de autoorientación e de correcta toma de decisións. Neste senso é obvio que a Orientación non consiste nunha acción illada, máis ou menos complementaria, dentro do proceso da aprendizaxe, senón que, tendo en conta o seu marcado carácter de transversal, trátase dun proceso continuo configurado por un conxunto de servizos e actividades no que conflúen de xeito coordinado profesorado, alumnado e familias.

A función Orientadora no noso Centro está garantida e protagonizada polo profesorado nomeado Titor e o departamento de orientación.

5.3.1. Profesor/a Titor/a: É o/a profesor/a encargado/a das funcións de orientación e tutoría dos alumnos e as alumnas dun curso.

5.3.2. Orientadora: Aínda que todo profesor, polo simple feito de actuar como ensinante, sexa un orientador, a función orientadora do profesorado debe estar apoiada polo equipo de orientación do centro e guiada polos seus compoñentes, xa que son os verdadeiros coñecedores da información e das medidas que se poden empregar para axudar o máximo posible ao alumnado.